



ASISTENTES

PRESIDENTE

D. Luis M^a Muiños Vidueira (Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta), en substitución, por ausencia de José A. López Rodríguez

VOCAIS

Dn. Alfonso Castro Carrera
(Avogado polo Colexio da provincia)
D. Manuel Francisco Gutierrez
(Xefe do Servizo de Montes e Industrias Forestais)

VOCAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE SILVÁN, DO CONCELLO DE MEIS

D. Raul Lafuente Martínez
D. Luciano Graña García

SECRETARIA

Dna. Pilar Pita Ponte
(Xefa de Sección do Servizo Técnico-Xurídico da Delegación de Medio Ambiente)

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra dictou a seguinte RESOLUCION:

Na cidade de Pontevedra, sendo as dezasete horas do día dous de xuño do dous mil cinco, coa asistencia das persoas ó marxe reseñadas, reúnese na 3^a planta do edificio sito no nº 47 da rúa Benito Corbal o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ó obxecto de decidir sobre a clasificación do monte "Outeiros do Grixó" da CMVMC de Silván, do concello de Meis.

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Mediante escrito de data 30/04/04, Raul Lafuente Martínez, presidente da comunidade de montes de Silván de Armenteira, solicita a clasificación como veciñal en man común do monte denominado "Outeiros do Grixo" a favor dos veciños de Silván da Armenteira, concello de Meis.

SEGUNDO.- Con data 13/05/04, requíreselle para que aporten plano de situación e topográfico e definición dos lindeiros do monte. Cumprimentándose con datas 16/06/04 e 25/01/05.



TERCEIRO.- Con data 16/06/04 solicítase ó Servizo de Montes informe previo a incoación, informe que é evacuado con data 24/06/04.

CUARTO.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais na súa reunión de data 28/10/04, acorda incoar expediente para a clasificación có carácter indicado do monte "Outeiros do Grixó" a favor da CMVMC de Silván, do concello de Meis.

QUINTO.- Á vista do informe do Servizo de Montes e da documentación aportada polos interesados descríbese o monte do xeito seguinte:

CONCELLO: MEIS

PARROQUIA: ARMENTEIRA

LUGAR: SILVAN

NOME DO MONTE: "Outeiros do Grixó"

Parcela 1

Cabida: 7,864 M/2 (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Predios particulares de Arturo Moyán Torres, Isaura Abal Poceiro e Modesto Varela Rodiño

Sur: Camiño

Leste: Predios particulares de Peregrina Escudero Juvino

Oeste: Predios particulares de Josefina Juvino Abal, Julia García Escudero, Carmen Graña Poceiro, Modesto Escudero Poceiro, Manuel Graña Poceiro e Isaura Abal Poceiro

Servidumes e ocupacións:

Casa socio-cultural e campo da festa construídos pola comunidade

Parcela 2

Cabida: 66,541 Has. (superficie alegada na solicitude)

Lindes:

Norte: Monte da CMVMC de San Salvador e predios particulares de Elena Martínez Aréns e irmáns, Milagros Martínez Romay, Julia García Escudero, Carmen Portas Sabarís, Josefina Juvino Abal, Isaura Abal Poceiro, Arturo Mougán Torres, Laura Outeda Martínez, Manuel Martínez Vázquez, Camilo Alfonsín Souto, Manuel Graña Poceiro, Manuel Escudero Poceiro, Carmen Poceiro Juvino, Julia Escudero Poceiro e Josefa Escudero Poceiro

Sur: Predios particulares de Viuda de Benito González Abuín, Rosa Outeda Escudero, Orsinda Barreiro Pérez, Teresa Cores Martínez, Juan Portas Sabarís, Horacio Martínez Rodiño, Carmen Pardo Graña, Rosa Rodiño García, Enrique Martínez Pérez, Isaura Abal Poceiro, Elena Pardo Graña, Ramón González Pintos e Rogelio Portas Sabarís

Leste: Monte xa clasificado da CMVMC de Silván

Oeste: Monte da CMVMC de Armenteira e predios particulares de Milagros Martínez Romay, Rogelio Portas Sabarís, Hermosinda Martínez Abal, Elisa Varela Escudero, Arturo Barral Juvino, Julia García Escudero, Digna Barral, Eulogio Poceiro Rodiño, Arturo Mougán Torres, Antonio Martínez Sineiro, Dolores Escudero Janeiro, Carmen Portas Sabarís, Juan Abal Abal, Josefina Juvino Abal, Socorro Portas Sabarís e Dolores Escudero Juvino



Servidumes e ocupacións:

Pistas e sendas

SEXTO.- Con data 28/01/05, solicítase ó Rexistro da Propiedade de Cambados certificación dos asentos que poidan afectar o terreo en cuestión, cumprimentándose con data 11/02/05.

SETIMO.- Feita-las comunicacións do artigo 23 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e aberto período de alegacións, non se presentou ningunha.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñece-los expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 260/1992 do 4 de setembro comprende por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades productivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cuotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abondosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como vecinal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais; característica dos montes veciñais que como xa ten dito o Tribunal Supremo na sentenza do 24/04/2000 e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, constitúe unha clara referencia a un período temporal de presente e non dun pasado máis ou menos remoto.

Terceiro.- Á vista do informe do Servicio de Montes e Industrias Forestais queda acreditado que no monte solicitado hai aproveitamento (leñas, cama para o gando, madeira) e que as ocupacións foron realizadas pola propia comunidade (casa socio-cultural e campo da festa). Tendo en conta así mesmo a certificación do Rexistro da Propiedade e o feito de que non se formulase oposición por parte do resto dos veciños da parroquia, queda polo tanto acreditado o aproveitamento en man común do monte “Outeiros de Grixó”, solicitado polos veciños de Silván da Armenteira.



En consecuencia, vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, propónse polo Instructor e de maneira unánime o Xurado **ACORDA:**

CLASIFICAR o monte denominado “Outeiros do Grixó”, a favor da CMVMC de Silván, do concello de Meis de acordo coa descrición reflectida no antecedente de feito quinto e a planimetría elaborada ó efecto polo Servicio de Montes e Industrias Forestais que forma parte inseparable da presente Resolución.

Contra a presente Resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.






[Handwritten signatures and initials]

Raul Lapuerta
Lecciano Girona



Raul Lafuente
Pedro Graña
 Bañadoiros

[Signature]
 Concello de Poio

	PARCELA-1 SUP. = 0,786 has. Aprox.	DATA : XUÑO-2.005 ESCALA : 1/10.000 AUTOR : TOPOGRAFIA	TRABAJO : PLANO DE CLASIFICACIÓN CONCELLO : MEIS COMUNIDADE : SILVAN PARROQUIA : ARMENTEIRA MONTE :
	PARCELA-2 SUP. = 66,541 has. Aprox.	Nº DA FOLLA : 185-13-14 185-23-24	 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE SERVIZO DE MONTES-DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ANUNCIO do 23 de maio de 2025, do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, polo que se publica a resolución aprobatoria do deslindamento parcial realizado entre as comunidades de montes veciñais en man común de Silván e San Salvador (Meis) (expediente DC22111).

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra resolveu na súa reunión do 26.3.2025 aprobar o deslindamento parcial entre as comunidades de montes veciñais en man común (en diante, CMVMC) de Silván e San Salvador (Meis), con base nos seguintes feitos e consideracións técnicas.

Antecedentes e consideracións técnicas:

Primeiro. O 30.9.2022, o presidente da CMVMC de Silván presenta solicitude de deslindamento entre a CMVMC de Silván e a CMVMC de San Salvador, ambas no concello de Meis. Os montes veciñais en man común (en diante, MVMC) afectados por este deslindamento son:

- MVMC de Caneta, Canliñas, Pedra Ventosa, Pe Redondo e Batán (ID: 2830) da CMVMC de San Salvador.
- MVMC de Outeiros do Grixó (ID: 2834) da CMVMC de Silván.
- MVMC de Silván (ID: 2824) da CMVMC de Silván.

Segundo. Consta no expediente a seguinte documentación do deslindamento consono o artigo 53 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (LMG):

- Acta do apeo do deslindamento do 26.9.2022.
- Acta de conciliación núm. 4/2022 entre as comunidades no Xulgado de Paz de Meis do 15.12.2022.
- Certificado do 28.10.2022 do secretario da CMVMC de Silván coa conformidade do presidente da aprobación na asemblea xeral do 13.10.2022.



– Certificado do 31.10.2022 do secretario da CMVMC de San Salvador coa conformidade do presidente da aprobación na asemblea xeral do 23.10.2022.

– Memoria descritiva co plano de deslindamento e cartografía en formato dixital no datum ETRS89/UTM zona 29N EPSG: 25829. Asinado o 29.11.2022 pola enxeñeira técnica forestal colexiada núm. 740, do COETF de Galicia. A emenda posterior produce a súa modificación.

– Informes de validación gráfica catastral con CSV: HH757H0YYK7C0944.

Terceiro. A liña de deslindamento proposta ten unha lonxitude de 1.613 metros (a lonxitude do deslindamento co MVMC de Outeiros do Grixó é de 915 metros e co MVMC de Silván é de 698 metros) e está composta polos seguintes puntos:

Punto P01 – x: 523.844,41 y: 4.701.689,97

Punto P02 – x 523.807,21 y: 4.701.785,47

Punto P03 – x: 523.302,50 y: 4.702.101,21

Punto P04 – x 523.140,27 y: 4.702.253,23

Punto P05 – x 522.916,76 y: 4.702.367,77

Punto P06 – x 522.692,19 y: 4.702.463,08

Punto P07 – x 522.593,09 y: 4.702.474,96

Punto P08 – x 522.522,65 y: 4.702.528,61

Punto P09 – x 522.502,30 y: 4.702.553,20

O punto P03 é o punto en que converxen os tres MVMC.

No traballo de gabinete establécense seis puntos de deslindamento secundarios para respectar o dominio público hidráulico (PS01, PS02, PS03, PS04, PS05, PS06) polo que nestes tramos non existe colindancia entre ambos os montes (o deslindamento realizarase coa Administración competente).



Punto PS01– x 522.606,39 y: 4.702.473,37

Punto PS02– x 522.598,85 y: 4.702.474,27

Punto PS03– x 522.588,42 y: 4.702.478,52

Punto PS04– x 522.582,56 y: 4.70.2482,98

Punto PS05– x 522.536,35 y: 4.702.518,18

Punto PS06– x 522.529,44 y: 4.702.523,44

Revisada a cartografía das resolucións de clasificación de ambos os MVMC detéctase que existe colindancia entre ambos e considérase que o deslindamento non afecta terceiros propietarios. O deslindamento entre ambos os montes veciñais está formado por catro tramos:

Tramo 1: do punto P01 o punto PS01.

Tramo 2: do punto PS02 o punto PS03.

Tramo 3: do punto PS04 o punto PS05.

Tramo 4: do punto PS06 o punto P09.

A liña do deslindamento non respecta a liña do Instituto Xeográfico Nacional entre os concellos de Meis e Poio.

A liña do deslindamento produce modificacións na cartografía dos esbozos de clasificación das seguintes comunidades:

– CMVMC de Silván: o Servizo de Montes realiza o axuste para pechar o punto inicial e final do deslindamento coa cartografía existente respectando a Sentenza xudicial de menor contía 126/1995 do 16.5.1995 no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm. 2 de Cambados.

– CMVMC de San Salvador: a cartografía do esbozo non se modificará con respecto ao punto P01 ata que a CMVMC de San Salvador e a CMVMC de San Xoán de Poio deslinden, xa que, o deslindamento invade lixeiramente o esbozo da CMVMC de San Xoán de Poio.



O Servizo de Montes realiza un axuste desde o punto P09 para pechar a liña de deslindamento coa cartografía existente.

– CMVMC de San Xoán de Poio: o Servizo de Montes modifica o esbozo con base na sentenza mencionada.

O Servizo de Montes considera que a solicitude se axusta ao establecido no artigo 53 da LMG, polo que propón a aprobación polo Xurado do deslindamento segundo a liña presentada.

Cuarto. O artigo 53 da LMG establece que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común, logo do exame da documentación presentada, ditará resolución que será publicada no *Diario Oficial de Galicia* e notificada ás comunidades interesadas.

Á vista do exposto, este xurado

RESOLVE:


Aprobar o deslindamento parcial entre a CMVMC de Silván e a CMVMC de San Salvador, ambas no concello de Meis, nos termos antes indicados.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 LPAC; ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses de acordo cos artigos 8 e 46 da LXCA.

Pontevedra, 23 de maio de 2025

Antonio Crespo Iglesias
Presidente do Xurado Provincial de Clasificación
de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra





Punto	X	Y
P01	523844,41	4701689,97
P02	523807,21	4701785,47
P03	523302,50	4702101,21
P04	523140,27	4702253,23
P05	522916,76	4702367,77
P06	522692,19	4702463,08
PS01	522606,39	4702473,37
PS02	522598,85	4702474,27
P07	522593,09	4702474,96
PS03	522588,42	4702478,52
PS04	522582,56	4702482,98
PS05	522536,35	4702518,18
PS06	522529,44	4702523,44
P08	522522,65	4702528,61
P09	522502,30	4702553,20

CMVMC DE SILVÁN
MVMC OUTEIROS DO GRIXO

CMVMC DE SAN SALVADOR

CMVMC DE SILVÁN
MVMC SILVÁN

 XUNTA DE GALICIA	CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
	Deslindamento entre a CMVMC de San Salvador e a CMVMC de Silván (Meis)
XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA SERVIZO DE MONTES	
ETRS89/UTM zona 29N. EPSG:25829 Escala 1:5.000	XANEIRO -2025

